

Finou María do Carme Kruckenberg, Socia de Honra da AELG

sábado, 16 mayo 2015, 16:30, por Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)

Publicado o 16 Maio 2015 por [asociacionescritoras-es](#)

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega quere facer público o seu pesar polo pasamento da escritora [María do Carme Kruckenberg](#), nomeada no ano 2006 [Socia de honra](#) pola Asemblea de Socios e Socias da AELG, da que foi vicepresidenta en 1986, termando da asociación coa valentía e a coraxe precisas, apostando firmemente por unha continuidade necesaria.

Os restos mortais da poeta foron trasladados ao tanatorio de Pereiró, na súa cidade natal, Vigo. Logo dunha breve cerimonia relixiosa e antes da súa incineración, celebrárase ás 18:00 horas de mañá domingo, 17 de maio, unha homenaxe cívico-poética na que amigas e amigos de [María do Carme](#) leran a súa obra.